

ACORDOS
SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
DO DIA 11 DE FEBREIRO DE 2016

Na casa consistorial de Tordoia sendo as 13.00 horas, do día once de febreiro de dous mil seis, reúnese a Xunta de Goberno Local deste concello en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Antonio Pereiro Liñares

Concelleiros:

D^a Inés Santos Pereiro

D. Amadeo Cancela Fariña

D. José Manuel Cancela Cancela

D^a. Maria Costa Calviño

D^a Manuela González Pallas

D. José Manuel Gómez Louzao

D. Luis Vázquez Leis

Secretario acctal.:

D. Alfonso García Ferreira

ORDE DO DIA

1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-
2. ESCRITOS OFICIAIS.-
3. ESCRITOS VARIOS.-
4. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE PARA O ALLEAMENTO DO INMOBLE DA FINCA RÚSTICA SITA EN PEDRASALGUEIRA REFERENCIA CATASTRAL XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX.-
5. APROBACIÓN DO PREGO DE CLÁUSULAS PARA LEVAR A CABO ADXUDICACIÓN DA LICENZA-AUTORIZACION DA PRAZA DE TAXI E CONVOCATORIA PUBLICA.-
6. XUÍZO VERBAL 253/2015 DO XULGADO DEP INSTANCIA E INSTRUCIÓN Nº 2 DE ORDES.-
7. FACTURAS.-
8. CERTIFICACIÓNS DE OBRA INCLUIDAS NO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS DE 2015.-
9. ROGOS E PREGUNTAS.-

1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

É aprobada a acta da sesión anterior nº 2/2016 que tivo lugar o 26.01.2016.

2. ESCRITOS OFICIAIS.-

A) DIRECCIÓN XERAL DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA, da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio. Dase conta do escrito con rexistro de entrada 08/02/2016, nº 118 polo que se solicita información sobre a recollida de animais domésticos abandonados.

B) COMANDANCIA DE POSTO DA GARDA CIVIL DE ORDES.- Escrito que tivo entrada o 08/02/2016 co número 116, polo que se remiten dúas denuncias formulada pola patrulla de

servizo por infraccións en relación á Lei 9/2013, do 19 de decembro por local de hostelería sito en Pontepedra.-

Acordos adoptados:

Darlle traslado ao titular da licenza da actividade das denuncias formuladas polos axentes da autoridade poñendolle en coñecemento as norma e precepto infrinxido, para que no prazo regulamentario alegue o que estime por conveniente.

C) COMANDANCIA DE POSTO DA GARDA CIVIL DE ORDES.- Escrito que tivo entrada o 04/02/2016 co número 104, polo que se remiten dúas denuncias formulada pola patrulla de servizo por infraccións en relación á Lei 9/2013, do 19 de decembro por local de hostelería sito en Pontepedra.-

Acordos adoptados:

Darlle traslado ao titular da licenza da actividade das denuncias formuladas polos axentes da autoridade poñendolle en coñecemento as norma e precepto infrinxido, para que no prazo regulamentario alegue o que estime por conveniente.

D) BLOQUE NACIONALISTA GALEGO DE TORDOIA.- Escrito presentado pola concelleira María Pilar García Pereiro, polo que solicita que se fagan os trámites necesarios para obter permisos dos propietarios dos terreos coa finalidade de construír as beirasrrúas da rúa da Rega, en Pontepedra.

Acordos adoptados:

Darlle traslado aos servizos técnicos urbanísticos municipais para elaboración dunha memoria e estudo do proxecto.

3. ESCRITOS VARIOS.-

A) DA ASOCIACIÓN "AYUDALE A CAMINAR", solicitando colaboración económica para desenvolver proxectos sociais programados, senda o obxectivo a integración laboral de persoas discapacitadas.

Acordos adoptados:

Concesión dunha axuda económica do mesmo importe que en exercicios pasados.

B) DA ANPA DO CPI PECALAMA, solicitando unha achega económica para este exercicio para sufragar os custos de organización e realización das actividades extraescolares programadas para o curso escolar 2015/2016.

Acordos adoptados:

Conceder con cargo ao vixente orzamento municipal unha axuda económica de igual importe que en exercicios pasados.

C) DE J.A.G.L., veciño de Outeiro - Bardaos, solicitando que sexa excluído do catastro actual un camiño acceso, entre outras, a fincanº XXX, do polígono XX, que figura como público por ser un camiño de servidume, segundo documentación que acompaña.

Acordos adoptados:

Trasladar o escrito e documentación que aporta aos servizos técnicos urbanísticos municipais para que emitan informe ao respecto.

D) DE A.L.R., solicita tarxeta de estacionamento para persoas con minúsvaledez.

Acordos adoptados:

Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalidez e notificarlle este acordo á interesada.

E) GESTIÓN DE PROYECTOS DEL EUME, remitiendo estudio encargado pala Alcaldía sobre o proceso de depuración das fósas sépticas situadas en Castenda, Bardaos e Anxeriz, indicando as accións que se deberían acometer para mellorar os parámetros de vertido.
A Xunta de Goberno dase por enterada.

4. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE PARA O ALLEAMENTO DO INMOBLE DA FINCA RÚSTICA SITA EN PEDRASALGUEIRA REFENCIA CATASTRAL XXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXX.-

Acordos adoptados:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente para o alleamento do inmoble da finca rústica sita en Pedrasalgueira, parroquia de Anxeriz, de titularidade municipal e con referencia catastral XXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXX, convocando a súa licitación.

SEGUNDO.- Aprobar o prego de condicións que ten que rexer a adxudicación directa, nos termos que figura no expediente.

TERCEIRO.- Ofertar ao propietario lindeiro da finca en cuestión, don J.C.R., con domicilio en Pedrasalgueira, parroquia de Anxeriz, o seu alleamento a título oneroso polo Concello, debendo deixar constancia no expediente a invitación cursada e das razóns da súa aceptación ou rexeitamento.

5. APROBACIÓN DO PREGO DE CLÁUSULAS PARA LEVAR A CABO ADXUDICACIÓN DA LICENZA-AUTORIZACION DA PRAZA DE TAXI E CONVOCATORIA PUBLICA.-

Acordos adoptados:

PRIMEIRO. Que se aprobe o prego de cláusulas administrativas que rexerá o procedemento de adxudicación de unha licenza de taxi.

SEGUNDO . Que se publique no Boletín Oficial da Provincia e perfil de contratante do concello un anuncio de licitación para que durante o prazo de 20 días os interesados poidan presentar as proposicións que consideren pertinentes.

TERCEIRO. Que se proceda á exposición pública da lista no taboleiro de anuncios, no Boletín Oficial da Provincia da Provincia e perfil do contratante do concello, unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, co obxecto de que os interesados e as asociacións profesionais de empresarios e traballadores poidan alegar o que consideren procedente en defensa dos seus dereitos, no prazo de quince días, conforme o establecido no artigo 10 do Real decreto 763/1979, do 16 de marzo.

CUARTO. De haber alegacións, deberase emitir un informe sobre as alegacións presentadas polos interesados e certificadas por Secretaría.

6. XUÍZO VERBAL 253/2015 DO XULGADO DEP INSTANCIA E INSTRUCCIÓN Nº 2 DE ORDES.-

Acordos adoptados:

NON PERSOARSE na causa nin alegar por ser unha cuestión a resolver en vía civil entre particulares, e darlle traslado deste acordo ao Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 2 de Ordes para o seu coñecemento e efectos.

7. FACTURAS.-

Acordos adoptados:

Aprobar o orzamento de reparación polo importe indicado e a contratación por un ano do servizo de mantemento (orzamento por importe de 10.947,94.- máis I.V.E. Igualmente presenta a oferta de mantemento, unha vez se poña en marcha, por un importe de 115 euros por mes, máis I.V.E., con unha duración de 12 meses)

Aprobar factura nº 1/1600009 emitida por Eymar Artes Gráficas, S.L., do 18//01/2016 por importe de 2.541,00 euros.

8. CERTIFICACIÓNS DE OBRA INCLUIDAS NO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS DE 2015.-

Acordos adoptados:

Aprobar a Certificación nº 1 da obra Interiores en Barral (Vila de Abade) e outros, por importe 27.728,31.-€, faltando por execturar 14.447,51 dun importe total de 42.175,82.-€ .

Aprobar a Certificación nº 2 e final da obra Camiño Pereiro Vello (Tordoia) e outros, por importe de 21.475,52 .- euros cun importe de adxudicación de 42 .142 ,97.-€, estando fixada a acta de recepción da obra para o día 22 / 02 / 2016, quedando supeditada ao seu informe favorable para o seu pagamento.

9. ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formulan.

Non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión.